

Na páxina 298, punto noveno, parágrafo quinto, onde di: «-Ata o día 27 de febreiro de 2010, para os colectivos, entidades e asociacións que pretendan organizar cursos entre os meses de abril e novembro de 2010»; debe dicir: «-Ata o día 27 de febreiro de 2010, para os colectivos, entidades e asociacións que pretendan organizar cursos desde o 22 de marzo ata novembro de 2010».

Na páxina 299, punto décimo terceiro, ao final do parágrafo segundo, onde di: «Unha vez aprobada a programación, correspóndelles a resolución de autorización ás respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estas resolucións publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.xunta.es/linguagalega) o día 31 de marzo de 2010»; debe dicir: «Unha vez aprobada a programación, correspóndelles a resolución de autorización ás respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estas resolucións publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.xunta.es/linguagalega) o día 10 de marzo de 2010».

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 19 de xaneiro de 2010 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica-Igape polo que se modifican as bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva (Programa Re-Imaxina).

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 2 de xuño de 2009, acordou aprobar as bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina).

As ditas bases fixéronse públicas mediante Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG nº 148, do 30 de xullo) e, segundo o artigo 21, entraron en vigor ao día seguinte da súa publicación e estableceuse como data de fin de prazo para presentar solicitudes o 30 de decembro de 2009.

Debido á conxuntura económica xeral, os investimentos que estas bases apoian víronse reducidos significativamente neste período, e polo tanto a demanda

dos préstamos que se subvencionan viuse tamén reducida, sen que existan perspectivas de que o crédito orzamentario previsto para estas axudas se esgote coas solicitudes que se presenten no referido prazo.

A pesar destas circunstancias, estas liñas de financiamento considéranse un instrumento de grande importancia para o acceso ao financiamento das microempresas e as pemes galegas, que debe permanecer á súa disposición. En consecuencia, o prazo para presentar solicitudes debe modificarse permitindo que poidan presentarse solicitudes ata o día 30 de xuño de 2010.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 23 de decembro 2009, acordou a modificación das bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina).

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina), no seguinte sentido:

Único.-Modificar a redacción do artigo 21, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 21º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte á publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 30 de xuño de 2010. No caso de esgotamento do crédito o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, en cumprimento do previsto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica